Sr. D. Antón Fraguas e Fraguas
Sant-Iago

Meu querido amigo e irmán: Deica hoxe non tiven vagar pr'agradecerlle a súa visita á Cruña c'o gallo do meu ingreso na Academia. Alí, non tivemos tempo pra falarmos. Logo, xa reposto pasei boas horas c'o Vilar. Casal e demais amigos. Xa imos ben e recollendo forza. Lémbrome que xa fai tempo escribínlle ó Cuevillas c'unha pergunta pra min. Ademais dos atlas de Gotha sei d'us tamén bos e moi eispresivos do Instituto Geografico de Agostini, feitos en Novara. Non lembro a direición do representante mais calquer librero pode facialo. Ten un grande Atlante de unhas 100 liras; o Atlante geografico metódico i-o At. Geografico moderno, d'arredor 30 liras cada un. Eu ti-

ñaos na cátedra fai ardeu. Hai tamen un atlas de xeo-
grafía económica. Agora ando un pouco arredado
d'istas cousas. Das xeografías modernas, a que
millor me gosta é a da casa Hachette (rubrica-
dos en francés: Illas británicas, Países Baixos, Amé-
rica do centro e sul, e mais que tod'a Asia) Vosté sa-
berá millor d'isto polos libros da cátedra de Univer-
sidade.

O Risco marchou pr'Alemania. Chegaríalle [illegible]. Vostede, de fixo estará en Cotarende
mais ten menos segureza [illegible] e
dend-longo.

Moitos apertos do seu amigo e ir-
mán que moito lle quere e lembra

Ramón Otero

Ourense 23 Nadal do 1929.